Rías Baixas

memoria exercicio

2012

Carta del presidente

Definía Cicerón a prudencia como a arte de saber distinguir as cousas desexables das que convén evitar. É pois, a prudencia unha das cualidades máis desexables na xestión, i é unha das que teñen definido a traxectoria da Denominación de Orixe Rías Baixas dende os seus inicios. A prudencia, referida á toma de decisións sobre cuestións tan importantes como a definición das necesidades futuras ou a identificación dos retos que deben afrontar a Denominación e os operadores do sector para seguir reforzando a súa posición competitiva e a súa influencia socioeconómica. Estas cuestións, e as numerosas transformacións que está a experimentar a economía do viño nos últimos anos, leváronnos a plantexar a necesidade de contar de novo cun "Diagnóstico e Plan Director da Denominación de Orixe Rías Baixas", traballo iniciado pola Escola de Negocios Novacaixagalicia en 2012 e que verá a luz en 2013.

Dez anos despois do primeiro Plan Estratéxico había moitas incógnitas ás que dar resposta. Era necesario facer unha profunda reflexión sobre a situación do sector, o noso posicionamento no mercado, as perspectivas de futuro, as tendencias de consumo. Facendo ademais especial fincapé no papel a desenvolver polo propio Consello Regulador: a súa influencia, o rol que debe xogar, a súa problemática específica. En definitiva, ter un diagnóstico completo para adoptar as medidas que fagan posible un crecemento sostible para o sector e os seus operadores a medio e longo prazo.

Non foi o único reto que nos marcou a prudencia en 2012. Enfrontámonos, por exemplo, ás esixencias da OCM. Levamos varios anos traballando na implantación da norma EN-UNE 45011, agora transformada en ISO UNE-EN ISO/IEC 17065, que converteu ao equipo técnico do Consello Regulador en Órgano de Control e Certificación. Co fin de acadar esa certificación de calidade imposta pola UE a todas as denominacións de orixe, o equipo técnico leva varios anos realizando exhaustivas auditorías, tanto internas (para a revisión de todos os procesos e funcións de dito Órgano) como externas (realizadas ás adegas e viticultores). Un intenso traballo para o que contamos co asesoramento dos profesores do Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo.

I é que coa filosofía imposta desde a administración europea sobre a esencia mesma dos consellos reguladores, son moitos e moi profundos os cambios aos que teremos que nos enfrontar no funcionamento futuro dos nosos sistemas de control. E niso estamos tamén traballando intensamente para que, levados igualmente pola prudencia, pola necesidade de determinar cales son os aspectos da nosa xestión susceptibles de mellora, sexamos quen de nos adaptar, no menor prazo posible, a un mundo que está a cambiar moi rapidamente.

Estar ao día coas esixencias da Unión Europea é imprescindible, pois, nesa continua busca da excelencia en todos os ámbitos do noso traballo. Que ten como fin último o desenrolo económico do noso territorio e o benestar das súas xentes. E iso pasa tamén por un continuo esforzo na comercialización do producto final, o viño. Por iso dedicamos máis do 50% do gasto executado polo Consello Regulador á promoción, de maneira que, sen esquecer que temos aínda moito camiño por percorrer no mercado doméstico, a nosa aposta polo mercado exterior, unha das recomendacións, precisamente, do primeiro Plan Director, permítenos exportar hoxe en día o 26% do viño comercializado, sorteando, deste xeito, cando menos parcialmente, as serias dificultades económicas polas que atravesa a economía española.

Juan Gil de Araujo González de Careaga
Presidente do Consello Regulador
D.O. Rías Baixas

PRESIDENTE

D. Juan Gil de Araujo González de Careaga

VICEPRESIDENTE

D. Fernando Bandeira García. – Bodegas La Val, S.L

VOGAIS SECTOR PRODUTOR

D. Antonio Álvarez Suárez. – Agromiño, S.L.
D. Manuel Carrera González.
D. Manuel A. Dopazo Padín – Explotaciones Vitivinícolas Rías Baixas, S.L.
D. Daniel Fornos Castro.
D. Horacio Gómez Araujo. – Bodegas Altos de Torona, S.L.
D. Jesús Paz Parracho.
D. Julio Reboredo Froiz. – Blanco Chaves y Abuelo, S.L.
D. Luis Rodríguez Balsa.
D. José Villanueva González.

VOGAIS SECTOR ELABORADOR

D. José María Campos Pérez. – Adegas Tollodouro, S.A.
D. Francisco Dovalo López. – Cabaleiro do Val, S.L.
D. Carlos Gómez Davila. – Adegas Valmiñor, S.L.
Dna. Mª Victoria Mareque Bueno. – Pazo de Señorans, S.L.
D. Gerardo Méndez Lázaro. – Bodegas Gerardo Méndez, S.L.
D. Antonio Méndez Rodríguez. – Bodegas Coto Redondo, S.L.
D. Manuel Otero Candeira – Bodegas Agro de Bazan, S.A.
D. Eulogio Pomares Botana. – Eulogio Pomares Zárate e Hijos, S.L.

VOGAIS DE ADEGAS DE BASE COOPERATIVA

D. José Estévez Pomar. – Viña Almirante, S.C.G.
Dña. Belén Varela Gestoso – Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.
D. Juan Vázquez Gancedo. – Bodegas Martín Códax, S.A.U.
D. Xavier Zas García. – Adega Condes de Albarei, S.A.U.

VOGAIS DELEGADOS

D. José Manuel Fernández Castro
D. Gerardo Zugasti Enrique

ORGANIGRAMA DO CONSELLO REGULADOR DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS



ESTRUCTURA DEL ÓRGANO DE CONTROL



Relación de xerarquía de Cadro de Persoal e Contratación, deberes e servizos solicitados directamente polo Pleno, pero con independencia en temas de Inspección e Auditoría.

Dependencia xerárquica, incluíndo no caso do Órgano de Control, as decisións sobre Control de Calidade e iniciación e resolución de expedientes de auditoría en Inspección.

Cuestión de valores

Os retos sitúanse tanto nos mercados como nos factores de potenciación interna

B

envidos ao futuro, podería dicir hoxe un letreiro situado á entrada da Denominación, se un puidese colocar un letreiro panorámico suspendido no aire. Que futuro logo?
Pois a resposta non está precisamente no vento, como na vella canción, senón escrito en informes, cifras, resultados e previsións que durante este cuarto de século quedaron inscritas no papel. Esa é a memoria real dunha institución: o seu álbum de recordos.

Os informes de chequeo que continúan o labor iniciado en 2002 co Plan Director, marcan o camiño na evolución. Interpretan e dan sentido ás decisións
estratéxicas desta última década. Antes houbo tamén outras decisións, mesmo sen a presenza dese marco consciente de reflexión que supoñen os plans expertos. Vinte e cinco anos de decisións.

Se foran só as cifras estaríamos falando de consolidación, impulso, crecemento, expansión ou internacionalización, como outras tantas fases de desenvolvemento natural. Pero están tamén os valores: e cando falamos de colectividades, institucións e organismos sociais os valores adoptan o papel da personalidade.

Cómpre responder á pregunta: que valores representa unha Denominación e a fan visible? No ámbito da UE, as denominacións foron concibidas como elementos para o desenvolvemento rural e xeración de riqueza, que contribúen á renovación xeracional e ao asentamento da poboación. Actúan como factores de potenciación endóxena, xerando dinámicas favorables aos produtos dun territorio, despertando unha sensación de pertenza ou identificación con ese ámbito. Desde unha perspectiva europea, esa sería a definición que debería estar na base das denominacións de orixe vitícolas. Tamén en Rías Baixas?

Cando falamos do que representa a nosa Denominación no tecido rural, moitas veces esquecemos que Rías Baixas está presente en 30 dos 62 concellos da provincia de Pontevedra, ademais dos 6 da subzona da Ribeira do Ulla na Coruña.
Obviamente iso significa algo desde o punto de vista laboral e na xeración de emprego. Pero sería importante descubrir ademais de que modo inflúe esta realidade na cultura mesma de

xestión, organización e funcionamento. En que medida existe un "know how" específico e característico no sector, unha imaxe de marca identificable noutros ámbitos económicos, capaz de contribuír ao desenvolvemento xeral dun país.
Todos os datos indican que a DO está ben posicionada nos mercados, comparativamente por diante de moitas outras, cunha gran capacidade de repercusión mediática e cun crecemento sostido.

Ese é o organismo que todos os viticultores e empresas xuntos contribúen a formar e cuxo relevo deben asegurar.
Desde este punto de vista, o tecido empresarial que o dirixe está formado por equipos, sen dúbida algunha, pero equipos onde a cultura familiar foi sempre moi importante e representativa, cousa moi habitual no mundo do viño.
Cando o que sucede é que moitas destas empresas familiares cambian de mans o sistema económico non ten por que sufrir. Pero unha parte dos valores fundacionais dilúense e desaparecen nun mar de cifras.

O debate entre rendibilidade e diferenciación parece aberto e debería ser afrontado en moitas das súas implicacións. Porque se ben é certo que o peso dos pequenos viticultores no tecido produtivo da D.O. é moi importante, non se pode esquecer que a súa relación comercial coas adegas presenta tensións e desequilibrios que cómpre entender desde un punto de vista de colaboración e responsabilidade.

Non todo é produción e venda: tamén está o mercado, a estratexia empresarial e os plans de exportación. Fronte ao estatismo das cifras de produción en cada colleita existen moitos outros elementos variables que definen o terreo de xogo comercial. Aínda que para un pequeno viticultor esas variables non xoguen un papel relevante no seu traballo, debería sentirse implicado nos "asuntos das adegas" porque esa é tamén a súa responsabilidade, en canto pertence a un mesmo sector, a un mesmo territorio.

O pasado ano comezaron a comercializarse os primeiros clons certificados de albariño. Foron máis de catorce anos de investigacións e seguimento para conseguir ese resultado. Pero no inicio houbo só pequenos viticultores que atesouraron un patrimonio xenético de valor incalculable.

A microviticultura pode desaparecer no actual escenario produtivo onde son máis rendibles as grandes plantacións. Pódese perder a diversidade do patrimonio vexetal. E a pregunta é se o viño perde. Porque iso que chamamos diferenciación tamén está feito de mínimas variacións de uvas segundo o chan e o clima.

Formar parte dun organismo, a Denominación de Orixe, que nos últimos 25 anos foi quen de desenvolver unha personalidade propia é tamén asumir os seus valores. Nos últimos tempos aos valores específicos dunha viticultura tradicional e con produtos moi diferenciadas veñen sumarse valores empresa-

Non todo é produción e venda: tamén está o mercado, a estratexia empresarial e os plans de exportación. Fronte ao estatismo das cifras de produción en cada colleita existen moitos outros elementos variables que definen o terreo de xogo comercial.

O novo Consello Regulador terá a misión de desenvolver as funcións previstas como Órgano de Control e Certificación.
As capacidades dese novo organismo certificador supoñen neste momento un importante capital que pode ser mesmo exportable a outras ámbitos de actividade económica, ampliando os beneficios directos da nosa marca.

riais que deben formar parte do noso código. Só deste xeito, sumando o mellor dos dous mundos (o territorio, a economía) terá sentido unha viticultura sostible na nosa Denominación, unha viticultura capaz de xerar valor máis aló mesmo do seu ámbito específico de traballo. Un modo de ser, un modo de facer exportable a outros sectores e aspectos da economía local.

Nas páxinas que seguen están presentes as cifras e os datos de produción destacados do ano 2012. Tamén acontecementos do ámbito administrativo, as eleccións para o Consello Regulador, que inicia así unha nova etapa mantendo as liñas básicas da súa estrutura.

O novo Consello Regulador terá a misión de desenvolver as funcións previstas como Órgano de Control e Certificación asumidas xa o pasado ano e que supoñen máis poder, autonomía e medios para exercelos.

As capacidades dese novo organismo certificador supoñen neste momento un importante capital que pode ser mesmo exportable a outras ámbitos de actividade económica, ampliando os beneficios directos da nosa marca.

E todo iso parece estar relacionado cunha mesma identidade, baseada no territorio e nun sistema de produción vinculado a el, pero que aspira a crear sobre esa base un modelo exportable de calidade.

Mentres agardamos as conclusións que poida aportar este ano o novo Plan Director é importante lembrar as pegadas que estes vinte e cinco anos foron deixando no noso territorio, máis aló dos datos e cifras que nos sitúan en postos privilexiados nuns mercados profundamente alterados pola crise.

A vendima

Perfecta maduración para unha colleita escasa

Os datos definitivos tras o remate da vendima 2012 puxeron de relevo que estabamos diante dunha colleita escasa en cantidade, con 17.567.877 kg. recollidos, pero de gran calidade.
Na campaña 2012 as condicións climatolóxicas da floración, con moita chuvia e temperaturas baixas afectaron á formación dos acios e provocando o corremento de flor.

As mellores condicións previas á vendima, propiciaron en cambio a perfecta maduración do froito e un excelente estado hixiénico sanitario da uva á entrada nas adegas.
Ademais, a bonanza climatolóxica vivida durante o período de vendima permitiu unha recollida selectiva e ordenada, tendo en conta os labores de recollida manual específicos da Denominación Rías Baixas.

Como viña sendo habitual, a variedade albariña, con 16.873.304 de kg. concentrou o 96% da produción total recollida. As variedades tintas sumaron un total de 189.592 kg., un 1,08 % do total, encabezando a lista a variedade Sousón.

A destacar, entre as variedades brancas, o Caíño que, por primeira vez, superou en cantidade ao Loureiro, unha das castes "clásicas" na Denominación.

DATOS DOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Viticultores



Adegas



Superficie (Ha.)



Viño elaborado (Hl.)



Viño comercializado (Hl.)



DENOMINACIÓN RIAS BAIXAS
Concellos, Viños e Castes

DISTRIBUCIÓN POR SUBZONAS (2012)

Viticultores



TOTAL: 6.712

Superficie (Ha.)



TOTAL: 4.048

Superficie- viticultor



TOTAL: 0,60

Parcelas



TOTAL: 23.232

Parcelas-viticultor



TOTAL: 3,46

RENDEMENTOS ANOS 2006-2012

Superficie (Has.)



Vendima (Kg.)



Rendemento (Has./Kg.)



PRODUCIÓN POR CASTES/SUBZONAS
Colleita 2012

ALBARIÑO



TREIXADURA



LOUREIRO



RENDEMENTO TRANSFORMACIÓN UVA/MOSTO (Kg./L.)



VOLUME DE UVA VENDIMADA (Kg.) POR SUBZONAS

	UVA IMPORTADA	UVA EXPORTADA
Condado do Tea	297.404	678.258
O Rosal	201.441	247.687
Ribeira do Ulla	4.964	418.086
Soutomaior	0	11.583
Val do Salnés	1.045.088	193.283
TOTAL	**1.548.897**	**1.548.897**

OUTRAS BRANCAS



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TINTAS



- Condado do Tea
- O Rosal
- Ribeira do Ulla
- Soutomaior
- Val do Salnés

TOTAL PRODUCIÓN POR CASTES 2012

Loureiro	131.989
Treixadura	187.893
Outras Brancas	185.099
Tintas	189.592
Albariño	16.873.304

UVA VINIFICADA	UVA VENDIMADA
3.562.618	3.943.472
2.240.957	2.287.203
277.201	690.323
7.581	19.164
11.479.520	10.627.715
17.567.877	**17.567.877**

PRODUCIÓN POR CASTES 2006-2012











UVA EXPORTADA A OUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
CONDADO DO TEA	335.610	366.570	308.578	416.293	929.191	1.161.866	678.258
O ROSAL	735.589	512.251	324.622	336.277	473.771	1.134.823	247.687
RIBEIRA DO ULLA	150.900	166.670	238.544	231.188	566.114	885.232	418.086
SOUTOMAIOR	23.638	6.736	11.835	16.971	27.744	28.576	11.583
VAL DO SALNÉS	1.023.704	504.155	525.741	500.498	565.214	678.129	193.283

UVA IMPORTADA DOUTRAS SUBZONAS DA D.O.

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
CONDADO DO TEA	1.309.558	571.731	553.659	415.993	565.567	889.518	297.404
O ROSAL	649.847	560.758	432.226	514.693	579.413	746.652	201.441
RIBEIRA DO ULLA	42.602	27.120	12.933	22.275	14.826	21.515	4.964
SOUTOMAIOR	0	0	32.203	0	0	0	0
VAL DO SALNÉS	267.434	396.773	378.893	548.266	1.402.228	2.230.941	1.045.088

COMPARATIVA ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2007-2012



PROPORCIÓN ADEGAS CON VINIFICACIÓN 2012



(Intervalos de volume en litros) **TOTAL ADEGAS: 168**

EVOLUCIÓN NÚMERO DE ADEGAS



UVA VINIFICADA POR SUBZONAS 2006-2012 (datos en Kg.)

	CONDADO DO TEA	O ROSAL	RIBEIRA DO ULLA	SOUTOMAIOR	VAL DO SALNÉS
2006	6.573.516	3.987.553	434.289	30.832	19.583.910
2007	4.218.044	2.609.950	315.507	20.191	11.573.203
2008	4.561.351	2.552.395	356.792	55.631	12.371.208
2009	5.196.576	3.326.376	347.521	17.188	14.736.425
2010	6.704.377	3.902.618	521.611	23.440	20.534.470
2011	8.351.613	5.050.329	578.056	24.055	27.783.730
2012	3.562.618	2.240.957	277.201	7.581	11.479.520



EXPORTACIÓNS 2007-2012 (Volume en litros)

2007	
EE.UU	1.752.309
REINO UNIDO	368.481
ALEMAÑA	259.729
PORTO RICO	128.992
SUIZA	104.762
MÉXICO	93.037
HOLANDA	73.084
IRLANDA	59.082
SUECIA	53.394
XAPÓN	32.688
RESTO	353.379

2008	
EE.UU	1.580.470
REINO UNIDO	364.820
PORTO RICO	149.976
ALEMAÑA	135.879
SUIZA	97.483
MÉXICO	83.442
NORUEGA	73.846
HOLANDA	69.586
SUECIA	65.779
BÉLXICA	50.072
RESTO	360.082

2009	
EE.UU	1.634.389
REINO UNIDO	342.336
ALEMAÑA	155.888
PORTO RICO	130.926
SUIZA	120.366
MÉXICO	101.175
HOLANDA	67.794
SUECIA	54.492
NORUEGA	52.119
BÉLXICA	52.022
RESTO	346.068

2010	
EE.UU	1.902.032
REINO UNIDO	422.823
PORTO RICO	171.597
MÉXICO	112.299
ALEMAÑA	88.868
SUÍZA	86.132
FRANCIA	69.579
BÉLXICA	68.438
AUSTRALIA	67.183
HOLANDA	61.841
RESTO	497.324

2011	
EE.UU	2.266.103
REINO UNIDO	457.994
ALEMAÑA	210.022
PORTO RICO	189.476
MÉXICO	139.443
SUÍZA	115.389
HOLANDA	89.349
NORUEGA	74.711
BÉLXICA	71.955
CANADÁ	64.897
RESTO	520.105

2012	
EE.UU	2.511.407
REINO UNIDO	537.604
ALEMAÑA	316.504
PORTO RICO	216.126
HOLANDA	180.255
MÉXICO	126.899
SUÍZA	126.165
IRLANDA	91.003
NORUEGA	83.367
SUECIA	72.124
RESTO	681.579

EVOLUCIÓN DO TOTAL DAS EXPORTACIÓNS 2003-2012 (Volume en litros)





Alemaña	316.504,50
Austria	3.361,50
Bélxica	72.177,00
Bulgaria	0,00
Dinamarca	12.291,50
Finlandia	8.003,50
Francia	54.218,00
Grecia	0,00
Holanda	180.255,01
Irlanda	91.003,50
Italia	8.504,00
Luxemburgo	4.526,00
Portugal	1.362,25
Reino Unido	537.604,50
Hungría	27,00
Polonia	25.361,00
Rep. Checa	2.507,76
Letonia	450,00
Chipre	90,00
Lituania	1.151,50
Estonia	1.977,75
Eslovaquia	68,00
Malta	855,50
Eslovenia	0,00
Suecia	72.124,50
Romanía	0,00
TOTAL UE	**1.394.424,27**

Andorra	41.722,75
Islandia	420,00
Liechtenstein	0,00
Noruega	83.367,75
Suíza	126.165,75
TOTAL EEE	**251.676,25**
Rusia	16.107,50
Outros	4.804,00
RESTO EUROPA	**20.911,50**
Arxentina	300,00
Brasil	19.084,50
Canadá	62.517,25
Colombia	10.882,50
Cuba	2.763,00
El Salvador	1.080,00
Guatemala	2.640,00
E.E.U.U.	2.511.407,50
México	126.899,00
Nicaragua	189,00
Porto Rico	216.126,50
Costa Rica	7.309,50
Rep. Dominicana	28.203,50
Venezuela	45.687,00
Perú	1.386,00

Panamá	42.653,25
Uruguai	54,00
Outros	7.269,00
TOTAL AMERICA	**3.086.451,50**
China	25.038,25
Xapón	71.084,50
Filipinas	3.396,00
Singapur	4.601,00
Taiwán	633,00
Outros	7.278,00
TOTAL ASIA	**112.030,75**
Nova Zelandia	3.611,00
Australia	65.067,00
TOTAL OCEANIA	**68.678,00**
Emiratos Árabes	4.273,00
Outros	4.592,00
TOTAL AFRICA	**8.865,00**
TOTAL MUNDIAL	4.943.037,27

INGRESOS ORDINARIOS

	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 3 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS, OUTROS INGRESOS	**1.855.800,00**	**1.851.690,29**
ARTIGO 33 - INGRESOS ORDINARIOS	**1.686.300,00**	**1.741.676,79**
01 - CUOTAS / PLANTACIÓNS INSCRITAS (CUOTA VIÑEDO)	198.300,00	201.692,43
02 - CUOTAS / PRODUTOS AMPARADOS (CUOTA VIÑO)	1.200.000,00	1.215.437,50
03 - CUOTA INSCRICIÓNS (ADEGAS E VITICULTORES)	0,00	23.200,00
04 - IMPORTES POR VENDA DE CONTRAETIQUETAS	288.000,00	301.346,86
ARTIGO 39 - OUTROS INGRESOS	169.500,00	110.013,50
CAPÍTULO 4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES	**20.000,00**	**20.735,75**
ARTIGO 45 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	20.000,00	20.735,75
CAPÍTULO 5 - INGRESOS PATRIMONIAIS	**13.000,00**	**11.853,88**
CAPÍTULO 7 - TRANSFERENCIAS CAPITAL	**738.000,00**	**537.881,98**
ARTIGO 75 - DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS	738.000,00	537.881,98
ARTIGO 76 - DE CORPORACIÓNS LOCAIS E PROVINCIAIS	0,00	0,00
CAPÍTULO 8 - ACTIVOS FINANCIEIROS	**160.000,00**	**160.000,00**
ARTIGO 87 - REMANENTE DE TESOURERÍA	160.000,00	160.000,00
TOTAL INGRESOS	**2.786.800,00**	**2.582. 161,90**

GASTOS ORDINARIOS

GASTOS DE FUNCIONAMENTO

	180.000,00	**173.911,39**
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	145.000,00	141.401,92
ARTIGO 13 - LABORAIS	35.000,00	32.509,47
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**196.150,00**	**167.035,36**
ARTIGO 21 - REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	12.000,00	8.604,77
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	100.150,00	100.808,71
ARTIGO 23 - INDEMNIZACIÓNS RAZÓNS SERVIZO	84.000,00	57.621,88
CAPÍTULO 3 - GASTOS FINANCIEIROS	**2.000,00**	**1.988,41**
ARTIGO 34 - DEPÓSITOS, FIANZAS E OUTROS	2.000,00	1.988,41
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**3.000,00**	**3.044,55**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVESTIMENTO NOVO	3.000,00	3.044,55
TOTAL GASTOS FUNCIONAMENTO	**381.150,00**	**345.979,71**

CONTROL DE CALIDADE	ORZAMENTO	LIQUIDACIÓN
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**307.500,00**	**286.863,50**
ARTIGO 13 - LABORAIS	156.000,00	148.496,57
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	48.000,00	45.573,83
ARTIGO 14 - OUTRO PERSOAL (VEEDORES)	103.500,00	92.793,10
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**368.720,00**	**323.977,65**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	368.720,00	323.977,65
CAPÍTULO 6 - INVERSIÓNS REAIS	**10.000,00**	**8.553,12**
ARTIGO 62 - PROXECTOS DE INVERSIÓN NOVA	10.000,00	8.553,12
TOTAL CONTROL CALIDADE	**686.220,00**	**619.394,27**

CAMPAÑA DE PUBLICIDADE		
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVICIOS	**995.930,00**	**548.095,53**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	995.930,00	548.095,53
TOTAL CAMPAÑA DE PUBLICIDADE	**995.930,00**	**548.095,53**

PROMOCIÓN		
CAPÍTULO 1 - GASTOS DE PERSOAL	**76.500,00**	**74.219,06**
ARTIGO 13 - LABORAIS	58.000,00	57.466,32
ARTIGO 16 - COTAS SOCIAIS	18.500,00	16.752,74
CAPÍTULO 2 - BENS CORRENTES E SERVIZOS	**647.000,00**	**370.030,00**
ARTIGO 22 - MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS, OUTROS	647.000,00	370.030,00
TOTAL PROMOCIÓN	**723.500,00**	**444.249,06**
TOTAL GASTOS	**2.786.800,00**	**1.957.718,57**

RESUMO DE INGRESOS		
CUOTAS E CONTRAETIQUETAS	1.686.300,00	1.741.676,79
INGRESOS EXTRAORDINARIOS	182.500,00	121.867,38
SUBVENCIÓNS	758.000,00	558.617,73
REMANENTE ANOS ANTERIORES	160.000,00	160.000,00
TOTAL	**2.786.800,00**	**2.582.161,90**

RESUMO DE GASTOS		
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	381.150,00	345.979,71
CONTROL DE CALIDADE	686.220,00	619.394,27
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	1.719.430,00	992.344,59
TOTAL	**2.786.800,00**	**1.957.718,57**
INGRESOS - GASTOS	**0,00**	**624.443,33**

INFORME DE AUDITORIA DE CUENTAS ANUALES

Al Pleno del Consello Regulador da
Denominación de Orixe "Rías Baixas"

1.- He auditado las cuentas anuales del **Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"** (el Consello) que comprenden el balance de situación al 31 de diciembre de 2012, la cuenta de pérdidas y ganancias, el estado de cambios en el patrimonio neto, y la memoria correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha. La Dirección es responsable de la formulación de las cuentas anuales del Consello, de acuerdo con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad (que se identifica en la Nota 2 de la memoria adjunta) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo. Mi responsabilidad es expresar una opinión sobre las citadas cuentas anuales en su conjunto, basada en el trabajo realizado de acuerdo con la normativa reguladora de la actividad de auditoría de cuentas vigente en España, que requiere el examen, mediante la realización de pruebas selectivas, de la evidencia justificativa de las cuentas anuales y la evaluación de si su presentación, los principios y criterios contables utilizados y las estimaciones realizadas, están de acuerdo con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

2.- En mi opinión, las cuentas anuales del ejercicio 2012 adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera del **Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas"** al 31 de diciembre de 2012, así como de los resultados de sus operaciones correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Vigo, a 29 de Abril de 2013

ILUSTRE COLEGIO DE ECONOMISTAS
PABLO GONZALEZ T
COLEGIADO
VIGO

Pablo González Tenorio
ROAC: 10.548

AUDITORÍA SOBRE VIÑEDOS

1.464 Resolucións de expedientes
32 Desprazamentos atención viticultores
318 Cambios de titularidade
111 Baixas de viticultores
827 Incremento de parcelas
153 Auditorías de viñedos
829 Actualizacións de viñedos

AUDITORÍA SOBRE ADEGAS

Auditoría completa de certificación: **70**
Auditoría de control sobre adegas (embotellados, aforos, descorchados): **178**
Auditorías de inscrición: **3**
Supervisión de transportes: **168**
Adegas nova inscrición: **3**
Marcas autorizadas: **136**
Baixas: **7**
Marcaxe de depósitos: **41** adegas actualizadas e marcadas
Cambios de titularidade: **3**

AUDITORÍA DE VENDIMA

78 veedores
15.091 partidas de uva
168 Informes de auditoría de control de vendima
Control directo sobre **168** adegas elaboradoras en 2012
Control de **250** transportes de uva entre e dentro de subzonas da D.O.

RECOLLIDA E CERTIFICACIÓN DE MOSTRAS

Recollida de mostras:
1.438
Sesións de cata:
106
Sesións extraordinarias de apelación:
12
Catadores para catas ordinarias:
48
Catadores para comités de apelación:
6
Litros catados e analizados mostra por mostra en laboratorios acreditados:
18.675.059

FORMACIÓN E PROMOCIÓN

Desenvolvéronse cursos e charlas destinadas a formación e a profesionais, en feiras nacionais, a grupos de sumilleres, estudiantes de hostalería e Institutos. Tamén se organizaron 2 Cursos de Formación do Panel de Cata sobre "Elaboración e cata de viños espumosos" en colaboración coa Universidde Rovira y Virgil.

IMPLANTACIÓN DA NORMA EN-UNE-45011

En colaboración co Grupo de Enxeñería de Organización da Universidade de Vigo, ultimouse o desenvolvemento de metodoloxía, documentación e implantación, previo á acreditación prevista para o 2013. En base a ese sistema continúan realizándose auditorías de viñedos e de adegas, verificando nas instalacións o volume e tipo de viños elaborados, cumplimento do Prego de Condicións e Manual de Calidade da D.O., aspectos da lexislación vixente e inidicativos de calidade. Implantouse o Procedemento e Normas sobre metodoloxía de elaboración e cata de "viños espumosos de calidade" acollidos á D.O.

CATAS

Os Servizos Técnicos coordinaron durante 2012 os traballos necesarios para as seguintes Catas-Concurso:

- Cata do Albariño de Cambados 2012: labores de toma de mostras e precinto de partidas, supervisión da cata e loxística.
- III Cata das Añadas, supervisión e loxística para a cata, diante de notario.
- Toma de mostras da Cata dos Viños de Galicia, colaborando tamén nos xurados da propia cata.
- Supervisión e desenvolvemento de catas para colectivos ou guías de viños de recoñecido prestixio, como a a Guía Peñín ou as Distincións Gallaecia.
- Catas formativas e promocionais dos diferentes tipos de viños en accións conxuntas coas demais áreas do Consello, Minifeiras e eventos.

FEIRA XANTAR
1-5 Febreiro
Durante a primeira semana de febreiro tivo lugar a feira Xantar en Ourense, onde o Consello Regulador participou cun estand de 16 m2 onde se ofreceu aos visitantes información sobre a D. O. Rías Baixas e degustación de viño xenérico.

FÓRUM GASTRONÓMICO
26-28 Febreiro
Durante a última fin de semana de febreiro desenvolveuse en Santiago o Fórum Gastronómico, no que o Consello Regulador, que participou por segunda vez, presentou dúas catas-maridaxe a cargo de Nacho Costoya, campión de España de Xefes de Sala-Maîtres, que destacou as posibilidades de combinación dos viños Rías Baixas. No evento participaron 6 marcas da D. O. seleccionadas entre as distinguidas en 2011.

PROWEIN
4-6 Marzo
A participación do Consello Regulador da D. O. Rías Baixas na feira Prowein de Dusseldorf, a máis importante de Alemaña, consistiu nun estand de 12 m2 integrado no pavillón oficial do ICEX. Alí realizáronse degustacións dos viños aportados polas distintas adegas exportadoras e fixéronse os correspondentes contactos que lles foron logo remitidos. Este labor directo e comunicativo foi reforzado con actividades paralelas, como unha cata guiada pola prestixiosa sumiller alemá Yvonne Heistermann. Asistiron 40 profesionais do sector alemán e centroeuropeo, ademais de importadores, sumilleres e prensa especializada.

FEIRA GOURMETS MADRID
5-8 Marzo
Na feira Gourmets, dirixida ao sector profesional en Madrid, O Consello Regulador participou cun estand integrado no pavillón de Galicia. Madrid segue a ser un dos destinos máis importantes para os Rías Baixas, e un mercado potencial no que os expertos agardan aínda un longo recorrido para os nosos viños.

CONCURSO "BACCHUS"
18 Marzo
Na X edición do Concurso Internacional Bacchus participaron un total de 80 expertos catadores nacionais e internacionais de 21 países, integrados na súa maior parte por relevantes prescritores e críticos internacionais do sector vinícola. Durante a cea de gala degustaron un amplo abano de marcas da colleita 2011 das 22 adegas presentes.

ALIMENTARIA BARCELONA
26-29 Marzo
Esta feira dedicou 95.000 m2 á oferta comercial e ás actividades gastronómicas, empresariais e de innovación. Contou coa presenza duns 140.000 visitantes profesionais, entre eles un 25% procedentes do exterior. O Consello Regulador estivo presente cun estand propio no que participaron como coexpositores 15 adegas da D.O., con espazo propio onde ofreceron degustacións e atenderon as consultas dos visitantes. Paralelamente, os nosos viños estiveron tamén apoiados no estand institucional da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar. Outras adegas estiveron presentes por medio dos seus distribuidores, completando así a presenza de 42 adegas e 120 marcas.

CATA DECANTER
10 Abril
A petición do xornalista Mark O'Halleron foron enviadas 68 mostras de 40 adegas de Rías Baixas para facer unha cata destinada a revista Decanter.

FESTA DO VIÑO DE VEDRA
15 Abril
O Consello Regulador estivo presente na Festa do Viño en Vedra, o evento festivo máis importante da subzona Ribeira do Ulla.

SEMINARIOS EN SUÍZA
23 Abril
En abril, agosto, outubro e novembro organizáronse 4 seminarios sobre Rías Baixas en dúas prestixiosas escolas suízas de Alta Restauración, a SSTH e a escola de Lucerna, conducidos polos profesores Manfred Wagner e Christian Baur.

MINIFEIRA ALACANTE
8 Maio
A minifeira destinada ao sector profesional de Alacante comezou pola mañá cunha rolda de prensa e almorzo para os medios seguida dunha cata e presentación con sumilleres. Pola tarde tivo lugar unha xornada técnica para os 25 sumilleres presentes, consistente nunha charla sobre a D. O. e os seus viños impartida por un técnico do Consello Regulador, e nunha cata de elaboracións diferentes de Rías Baixas. Como acto central, realizouse tamén unha cata e degustación con adegas para o sector profesional.

GRAND TASTING DE CHICAGO
9 Maio
A participación na Grand Tasting de Chicago, un dos mercados principais nos EE.UU., completouse cun seminario e un almorzo cun selecto grupo de prensa. Participaron no evento 16 adegas cun total de 21 marcas de Rías Baixas. Entre outras actividades, participaron no "Around the World in 80 sips" organizada para os máis de 700 entusiastas consumidores da comunidade online Bootlenotes.com, e dentro da estratexia de expansión online da campaña americana. Completando esta acción lanzouse baixo o hastag (etiqueta) #AlbarinoDay, outra online consistente en celebrar este día especial con algún viño Rías Baixas e comentar a experiencia en Twitter. Este tipo de accións, igual ca denominada Albariño Explorers Club, están directamente enfocadas a captar a atención do público obxectivo (xente nova, que manexa amplamente as redes sociais) sinalado polos estudios realizados neste mercado.

MADRID: "NOCHES RÍAS BAIXAS"
22 Maio
Como continuación do evento "Noches con Nombre Propio" presentouse nun club de Madrid "Noches Rías Baixas", unha nova acción de comunicación orientada ao consumidor final de Rías Baixas Albariño. Neste poderoso mercado potencial, o acto de presentación incluíu unha pequena demostración da versatilidade de maridaxe dos Rúas Baixas.
Os actos celebráronse a partir do día 24 e estendéronse ata o 28 de xuño. Tratouse dunha acción de marqueting coordinada a través das redes sociais na que participaron cada xoves 10 locais de Chueca, Justicia, Latina, Retiro, Salamanca e outras zonas da capital.
Un minixogo tipo test, desenvolto nun microsite específico, permitía aos participantes acceder á promoción os xoves e nos locais sinalados. Nel, un sumiller profesional informaba sobre as características (vi-

suais, olfativas e gustativas) dos viños Rías Baixas e a súa capacidade para acompañar unha ampla gama de pratos, desde peixes, mariscos e arroces, ata pastas, carnes e queixos.

CATA PEÑÍN
22-23 Maio
Durante dous días, o equipo de cata da reputada Guía Peñín de los Vinos de España realizou a cata de 160 marcas diferentes de Rías Baixas que ían ser puntuadas para a edición 2012. Os viños resultaron "muy equilibrados y frescos, herbales, con muy buena boca y sin estridencias", segundo o director da Guía, Carlos González.
Tratouse dunha "cata á vista", na que os representantes do Consello Regulador proporcionaron aos catadores información exclusivamente técnica ou de vendima. Segundo os catadores, todos os viños tiñan unha marcada homoxeneidade, que se traduciría nunha puntuación moi axustada "entre los 88 y los 95 puntos". Tivéronse en conta criterios visuais, olfativos e gustativos, que se valoraron en cada marca puntuando segundo o criterio anglosaxón, entre 50 e 100 puntos.
A Guía Peñin, traducida ao inglés e ao alemán, é desde hai 20 anos unha das principais guías de viños de España, disponible simultaneamente en papel, na web e no móbil.

LONDON WINE
22-24 Maio
O Consello Regulador mantivo a súa participación na máis importante feira vinícola do Reino Unido, o segundo mercado en importancia para as exportacións de Rías Baixas. Fíxose nesta ocasión cun estand de 6 m2 dentro do pavillón oficial do ICEX, onde estiveron representadas unhas 30 marcas.
Máis de 1.000 expositores ocuparon os 12.000 m2 de exposición nun evento profesional considerado unha das referencias europeas do sector. O mercado do Reino Unido, maduro e esixente, pasa por ser un dos destinos mundiais máis importantes para os viños.

BASQUE CULINARY CENTER
23-27 Maio
Un total de 67 alumnos da primeira promoción do "Basque Culinary Center", acompañados de cinco profesores, visitaron a nosa Denominación de Orixe durante unha semana, para coñecer de primeira man as adegas e viñedos da nosa área xeográfica.
Tratouse dunha viaxe de aprendizaxe destes "futuros prescritores", como os calificou a directora de Marqueting do Consello, "que deben conocer la denominación, la importancia de la tierra, la uva y la elaboración de los vinos de Rías Baixas".
Ademais da visita ás adegas os alumnos asistiron a un showcooking no que nove cociñeiros galegos do Grupo Nove realizaron unha demostración en vivo de cociña galega, acompañados por viños da D.O. O Basque Culinary Center integra nas aulas universitarias as actividades profesionais de gastronomía, cociña e restauración. Está apoiado no liderado dunha xeración de cociñeiros na vangarda mundial: Juan Mari Arzak, Martín Berasategui, Karlos Arguiñano, Andoni Luís Aduriz, Pedro Subijana, e consta dunha facultade de Ciencias Gastronómicas e dun centro de Investigación e Innovación en Alimentación e Gastronomía.

CATAS EN ITALIA
25 Maio - 6 Xuño
Durante os meses de maio e xuño, o Consello Regulador organizou diversos eventos con formato de seminario-cata e destinados a enólogos profesionais, nas localidades italianas de Módena, Vercelli, Avellino, Xénova, Campobasso e Nuora.

MINIFEIRA MADRID
1 Xuño
Cun acto orientado ao consumidor final, que contou tamén con asistencia do sector profesional, os viños Rías Baixas foron presentados en Madrid nunha xornada vespertina de catas-degustacións. Participaron dezasete adegas e medio centenar de marcas.
As 900 persoas asistentes puideron degustar viños das distintas variedades de Rías Baixas, e mesmo de elaboracións especiais e viños de seleccións de colleitas.
Os responsables do departamento de Marqueting destacaron a importancia do mercado madrileño, onde se concentran o 6,3% das vendas de Rías Baixas, que van en aumento.

ALIMENTARIA MÉXICO
5-7 Xuño
A máis importante feira sectorial de bebidas e alimentación de México contou de novo coa presenza da Denominación de Orixe Rías Baixas, que asistiu cun estand propio dentro do pavillón oficial do ICEX. Concorreron un total de 13 adegas e 20 marcas e asistiron uns 12.000 visitantes profesionais de 24 países.
O incremento das nosas exportacións ao mercado mexicano, o noso quinto mercado exterior, obrigou a reforzar as accións de imaxe e promoción. Un almorzo-maridaxe, dirixido a medio centenar de distribuidores, sumilleres e prensa, foi o acto principal e contou coa presenza do embaixador de España no país.

SALIMAT EN SILLEDA
14-17 Xuño
Cun estand de 9 m2 o Consello Regulador participou na feira SALIMAT no recinto da Semana Verde de Silleda. O evento contou con dúas xornadas para o sector profesional e dúas para o consumidor de a pé. No transcurso da feira, organizáronse tamén dúas catas maridaxe guiadas por Nacho Costoya.

FESTA DO VIÑO EN BARRO
15-17 Xuño
O Consello Regulador participou na Festa do Viño do concello pontevedrés de Barro, cun estand onde informou aos visitantes sobre a D.O. Rías Baixas.

FEIRA SIAL BRASIL
25-28 Xuño
Por primeira vez, o Consello Regulador de Rías Baixas estivo presente na feira inter-

nacional SIAL de Sao Paulo, a máis importante cita de alimentación e bebidas de Sudamérica.
Como noutros casos, tratouse dun estand específico no pavillón oficial do ICEX,onde estiveron representadas as adegas exportadoras participantes.
Coincidindo coa feira organizouse unha ceapresentación cun maridaxe de Rías Baixas con gastronomía brasileira e 7 marcas de Rías Baixas. Asistiron 30 profesionais da distribución, sumilleres, prensa especializada e representantes da oficina PEXGA (Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia) en Brasil e a oficina económica e comercial de España en Sao Paulo.

FESTA DO VIÑO DE AUTOR
5 Xullo
Coa colaboración do Consello Regulador, na localidade pontevedresa de Meaño celebrouse a Festa do Viño de Autor, orientada á promoción das adegas máis artesanais da D.O.

PRESENTACIÓN DA COLLEITA EN MADRID
8 Xullo
O Consello Regulador volveu celebrar en Madrid o acto de presentación pública da colleita 2011, cualificada como "moi boa". Asistiron máis de 50 xornalistas do mundo do viño e a gastronomía, ademais da prensa xeneralista.

FESTA DO VIÑO DE O ROSAL
13-15 Xullo
Na localidade de O Rosal, no Baixo Miño, celebrouse un ano máis a Festa do Viño, unha das máis importantes nó área xeográfica de Rías Baixas.
O Consello Regulador participou cun estand para exposición do produto e distribución de material promocional.
Doce adegas de Rías Baixas ocuparon boa parte do espazo expositivo da Praza do Calvario nunha festa que contou cunhas xornadas técnicas sobre temas específicos de viticultura así como sobre aspectos culturais do viño na zona.

PRESENTACIÓN DA COLLEITA NA CORUÑA
19 Xullo
Nun hotel da Coruña foi presentada ante os medios de comunicación a colleita Rías Baixas 2011, cualificada como "moi boa". No almorzo participaron tamén representantes do sector profesional da cidade herculina.

FESTA VIÑO TINTO RÍAS BAIXAS
21-22 Xullo
O Consello Regulador participou na Festa do Viño Tinto de As Neves, unha das citas ineludibles no Condado.

GRUPO IMPORTADOR HOLANDÉS
21 Agosto
O responsable de compras do grupo holandés Ahold, Maarten Vreeswijk, visitou a nosa Denominación para facer unha cata de viños Rías Baixas para o mercado de Holanda.
O grupo Ahold está considerado o maior distribuidor de viños para os Países Baixos. O obxectivo era coñecer máis en profundidade o noso abano de variedades e elaboracións, de cara ao seu dossier de produtos. En total foron catadas 40 marcas de 25 adegas diferentes.

FESTA DO CONDADO
24-26 Agosto
Na localidade de Salvaterra tivo lugar un ano máis a principal celebración en torno ao viño, a Festa do Viño do Condado, cun amplo abano de actos festivos e de difusión dos valores dos Rías Baixas, que contou coa participación do Consello Regulador.

SEMINARIOS EN SUÍZA
27 Agosto
No programa de actividades realizado en Suíza tivo lugar un ano máis un seminario sobre os viños Rías Baixas para os alumnos da prestixiosa escola de Alta Restauración de Lucerna (a Schweizerische Hotelfachschule Luzern), impartido como viña sendo habitual polo profesor Christian Baur.

CATA GUÍA REPSOL
27-28 Agosto
O equipo de cata da Guía Repsol de los "Mejores Vinos de España" desprazouse ao Pazo de Mugartegui para os labores de cata destinada a edición 2012 da guía. O panel de catadores contou con 6 mulleres, que cataron un total de 31 marcas de Rías Baixas, que se engadirían ás mostras directamente enviadas polas adegas á sede da Guía en Madrid.
A coordinadora do equipo Isabel Mijares, indicou que o nivel de calidade acadado polos nosos viños obrigaba "a un trabajo muy exigente" xa que a Guía, dirixida a un público de consumidores e viaxeiros, "debe adaptarse a los gustos cambiantes del mercado". O panel de cata destacou algunhas sorprendentes elaboracións e as grandes posibilidades de maridaxe, pero por riba de todo destacou que Albariños Rías Baixas seguen a destacar por unhas características que os fan "diferentes e únicos".
A Guía Repsol inclúe uns 1.500 viños puntuados por riba dos 86 puntos, seguindo os criterios da Organización Internacional de la Viña y el Vino.

VISITA DE NEAL MARTIN
8-10 Outubro
O catador dos viños españois Neal Martin, visitou a Denominación por encargo da guía The Wine Advocate para catar todos os viños Rías Baixas presentes no mercado de Estados Unidos., ademais doutras marcas suplementarias ata un total de 200 catas. A viaxe permitiulle ademais visitar algunhas adegas e coñecer de cerca a realidade e características específicas da nosa Denominación.

VISITA PRENSA PAÍSES BAIXOS
11-13 Outubro
Tres xornalistas de Holanda e Bélxica, acompañados de Germán Muñoz, director da empresa de consultoría vinícola "Terroir +34", visitaron a Denominación para coñecer de primeira man as peculiaridades da nosa zona vinícola. O propósito foi preparar unha serie de dez seminarios-cata sobre Rías Baixas, que se celebrarían posteriormente en dez cidades das áreas de Bruxas, Bruxelas, Gante, Amberes, Aslst, Lovaina e Mechelen, nos Países Baixos.
Germán Muñoz mostrouse impresionado porque "un terroir relativamente homogéneo por características geológicas pueda producir vinos tan diferentes por los microclimas y las orientaciones de las fincas".

SEMINARIOS EN PAÍSES BAIXOS
10 Outubro-10 Novembro
Para afondar na promoción dos nosos viños nos Países Baixos (Holanda, Bélxica e Luxemburgo), organizáronse nove seminarios de formación en colaboración coa Vlaamse Wijngilde, principal asociación de enófilos do

Benelux, que reúne a máis de 2.500 membros. As xornadas constaron dunha charla sobre o "terroir" da Denominación Rías Baixas e unha cata dos viños presentes no mercado ademais da degustación de marcas aínda non importadas. Os seminarios tiveron lugar en Aalst, Amberes, Brujas, Bruxelas, Gante, Lovaina e Mechelen (Malinas).

VISITA PROFESIONAIS XAPÓN

15-18 Outubro

Un grupo de representantes de prensa e sumilleres de Xapón visitou durante varios días a nosa Denominación, nunha actividade que formaba parte do plan de promoción no país nipón. Estiveron acompañados por Chieko Konagaya, da oficina comercial de Tokio, e visitaron as distintas subzonas para catar diferentes elaboracións de Rías Baixas e ampliar os seus coñecementos sobre a D.O.

SEMINARIO SOBRE XAPÓN

19 Outubro

A representante da oficiña comercial de Tokio, Chieko Konagaya, impatiu un seminario na sede do Consello Regulador sobre o mercado xaponés do viño e as súas peculiaridades, ao que asistiron 15 representantes de adegas da D.O. Konagaya, analista de mercados agroalimentarios, destacou que España é o único país que se mantén nunha liña ascendente nas importacións xaponesas de viños tranquilos desde 2001, ata chegar á cota do 14 % conseguida en 2011 e que se agardaba superar esa cifra en 2012. Polo que respecta aos Rías Baixas, as 27 adegas presentes no mercado xaponés incrementaron un 15% as súas vendas, cun total de 45.450 litros. Como particularidades deste mercado, Konagaya explicou a importancia das relacións humanas e a necesidade de viaxar máis a Xapón e apoiar aos importadores nas súas actividades.

Juan Gil de Araujo, presidente do Consello Regulador, sinalou que "es un mercado potencial que puede aumentar y tenemos que incidir en aquellos que pueden responder y crecer", mentres que Isabel Fernández, xefa de sector do ICEX para Galicia, explicou que "ofrecemos servicios personalizados para cada empresa, sobre todo en el inicio de la actividad".

CEA-MARIDAXE EN TOKIO

6 Novembro

Como parte do plan de promoción en Xapón, organizouse en Tokio unha cea-maridaxe con viños da D.O. Rías Baixas e gastronomía xaponesa, no restaurante "Akasaka Kinryu" de 80 anos de tradición, no céntrico barrio de Akasaka. Ao acto foron invitados 16 xornalistas, 5 profesores de academias do viño, 2 representantes da Japan Sommelier Association, 2 sumilleres e 8 compradores de viños de grandes almacéns.

MINIFEIRA EN XIXÓN

8 Novembro

Como actividade promocional para os consumidores finais asturianos tivo lugar unha minifeira en Xixón, que constou dunha rolda de prensa de mañá seguida dun almorzo con xornalistas e adegas de Rías Baixas participantes. Pola tarde tivo lugar unha cata degustación. Acudiron ao evento 14 adegas cun total de 40 marcas, e asistiron aos actos máis de 450 persoas. O mercado asturiano é parte do Área Noroeste onde se concentran o 63% das vendas de Rías Baixas. Un mercado "natural" e maduro que resulta prioritario.

WINE & SPRITS EN HONG KONG

8-10 Novembro

Dezaoito adegas e un total de 32 marcas participaron, dentro do pavillón oficial do ICEX, nesta importante feira china que reunía a expositores de 30 países. Unha aposta estratéxica, segundo Rosa Martínez, técnico en mercadotecnia do Consello Regulador, que dixo que "Hong Kong es el camino idóneo para introducirse en el mercado chino, pues desde 2010 cuenta con facilidades aduaneras para la re-exportación del vino a China continental". Un mercado con arancel cero e sen produción local, polo que todo o viño que consume é de importación. Os Rías Baixas foron pioneiros na participación neste mercado, e a asistencia a esta Feira traduciuse nun incremento do 60,53% nas vendas.

FOOD & HOTEL SHANGHAI

14-16 Novembro

Un total de 24 marcas de Rías Baixas foron presentadas polas 12 adegas participantes na maior feira agroalimentaria de Asia, a Food&Hotel de Shanghai. A aposta dos Rías Baixas por este mercado traduciuse nun incremento constante de vendas desde 2004. No último exercicio, as exportacións medraron un 60%, nun panorama no que as importacións de viños españois aumentaron nun 90%, debido "al creciente poder adquisitivo de los consumidores chinos y la mayor predisposición hacia la compra de productos importados", explicou a directora de Marqueting de Rías Baixas, Eva Mínguez.

IV CATA DE AÑADAS

28-29 Novembro

Na Casa do Conde de Salvaterra de Miño tivo lugar a IV edición da Cata de Añadas, certame bianual promovido polo Consello Regulador coa intención de destacar as posibilidades de garda dos Rías Baixas. O presidente do Consello Regulador, Juan Gil de Araujo, resaltou a vocación duradeira do viño e insistiu no necesario esforzo de todos para que "puedan coexistir colleitas diferentes en las cartas de los restaurantes. Esto redundará en beneficio del sector y de economía gallega".

CURSO DE INGLÉS

11-13 Decembro

Por sexto ano consecutivo celebrouse na sede do Consello Regulador un curso de 20 horas lectivas de"Inglés específico del vino", impartido por Andrew Black.

MEIRIÑO PIDE RESPONSABILIDADE

4 Xaneiro

O presidente do Consello Regulador facía un chamamento á responsabilidade, tras as declaracións realizadas á prensa por representantes sindicais sobre as sancións impostas pola Consellería de Medio Rural, a causa do exceso de produción de uva en 2009 e 2010. O presidente lembrou ademais ao sindicato Unións Agrarias que "nadie está obligado a pertenecer a esta Denominación, pero asociarse a ella conlleva la obligación de respetar las normas y el Reglamento por el que se rige". E recalcou que a DO ten no Pleno o seu órgano soberano, elixido democraticamente e no que están representados por igual os intereses de viticultores e adegueiros adscritos.

Foi precisamente no Pleno, onde está tamén representado Unións Agrarias, onde se aprobou unha suba do 8,33% no tope de produción por hectárea para 2010. Igualmente, o mesmo Pleno solicitou a Medio Rural que fose benevolente na tipificación das sancións unha vez incoados os expedientes. Por iso, o presidente do Consello Regulador insistiu en trasladar ao sector unha información "objetiva y veraz", evitando politizar a situación.

José Ramón Meiriño lembra que o 97% dos viticultores cumpriron a norma e, se o que se desexaba era modificala, cumpría buscar "un acuerdo por mayoría absoluta del Pleno del Consejo Regulador y siempre antes del inicio de la vendimia".

Para rematar, inscribiu a polémica no contexto previo á convocatoria de eleccións aos órganos de goberno, cun mandato prorrogado (en tódalas Denominacións) pola Consellería de Medio Rural e pendentes da correspondente convocatoria.

OS BRANCOS MÁIS VENDIDOS NOS EE.UU.

20 Xaneiro

Os Rías Baixas son os viños brancos españois máis vendidos nos EE.UU. e gozan da mellor relación calidade-prezo, situándose este en torno aos 20 dólares, e cun prezo medio por copa duns 10 dólares nos restaurantes. Este foi o resultado do "Estudio de Posicionamiento" que presentou ra epresentante da axencia Cornerstone, Marsha Palaci, durante unha xornada de traballo dedicada ao análise da expansión e posicionamiento dos viños españois en EE UU, na que participaron representantes do ICEX e do IGAPE.

O estudo feito entre 257 persoas situaba ao Albariño Rías Baixas entre os mellores dunha lista de 100 viños de 20 dólares. Ademais do prezo, os consumidores aprecian sobre todo as súas posibilidades de maridaxe. Marsha Palaci insistiu en que "éste es uno de los puntos más importantes de la campaña de promoción desde sus inicios y hay que seguir insistiendo en él". Engadiu ademais que os consumidores asocian os viños Rías Baixas con España e que había que traballar tamén para vinculalos máis coa zona xeográfica.

Pola súa parte, a representante de Ofcomes en New York, Katrin Naelapa, presentou un estudo sobre a visión dos viños españois nos EE.UU., que neste momento ocupan o sexto lugar na lista dos máis vendidos, inmediatamente detrás de Francia. Pero España medra a un forte ritmo: un 40% entre 2009 e 2010, e seguiu medrando en 2011 un 7,6%. pola excelente relación calidade-prezo. O consumidor americano, repartido sobre todo na costa este e oeste do país está disposto a proba e apostar por viños españois, pero os identifica sobre todo como viños tintos de calidade, o que supón unha debilidade para os Rías Baixas.

O Plan de Promoción Estados Unidos, froito dun convenio entre ICEX e IGAPE, ten carácter trienal e conta cun importe total de 2.100.000 dólares. A inversión anual é de 700.000 dólares, aportados polo IGAPE e o Consello Regulador (250.000) e o ICEX (200.000).

Actividades

As dezaseis adegas adheridas á campaña nos EE.UU. participaron este ano nunha serie de actividades de promoción apoiadas tanto en publicidade convencional como nos medios sociais. Destacaron as iniciativas de implicación, como o Albariño Explorers Club, e a participación en grandes eventos como Food and Wine Classic (Aspen), o StarChefs ou o CIA Worlds of Flavor, ademáis de eventos específicos, como o Grand Tasting Rías Baixas (Chicago) e o Albariño Camino-Media Tapas Crawl.

INFORME NIELSEN SOBRE MERCADO DE VIÑOS

26 Xaneiro

Segundo o estudo anual que publica a consultora Nielsen, entre os consumidores de viños de Denominacións de Orixe en Galicia e no área de expansión dos viños galegos (Asturias, Cantabria, País Vasco, Madrid, Barcelona e Valencia), os Rías Baixas son a segunda marca máis vendida entre os viños brancos de D.O. e a máis coñecida entre os consumidores galegos.

O estudo, complementado con información dos paneis de detallistas de Hostalería e Alimentación, situaba ao Albariño Rías Baixas á altura das D.O. de Rioja o Ribera del Duero entre os consumidores galegos, que nun 99% declaraban coñecer a nosa denominación fronte ao 90% que coñecían Rioja, Ribera del Duero, Ribeiro ou Ribeira Sacra. Os consumidores declararon coñecer unha media de 11 Denominacións de Orixe españolas, polo que estes datos indicaban unha forte implantación de Rías Baixas.

O nivel de coñecemento entre os consumidores do resto das zonas xeográficas implicadas baixaba ata o 80%, só por detrás de Rioja e Ribera del Duero e marcando unha clara posición dos Rías Baixas no mercado español. En concreto, o estudo sinalaba que o índice de participación dos Rías Baixas no

mercado nacional do viño de D.O. medrou ata o 2,6%. do volume nos canais de Alimentación e Hostalería.

CHARLAS SOBRE VITICULTURA SOSTIBLE

10 Febreiro

As localidades de Arbo, Salvaterra, O Rosal, Cambados, Meaño, Ribadumia, Meis, Vilanova, Portas e Vedra, pertencentes ás distintas subzonas de Rías Baixas, acolleron unha serie de charlas divulgativas sobre "Viticultura Sostible", impartidas pola empresa EIRA (de Enxeñería e Consultoría Agroalimentaria), e dirixidas aos viticultores da Denominación co fin de involucralos na necesidade de equilibrar calidade e rendibilidade no ámbito da produción.

O obxectivo foi informar aos participantes sobre a forma de produción idónea na D.O. Rías Baixas, rendementos e prácticas culturais do viñedo. Incluíronse explicacións sobre o papel do Consello Regulador no control da orixe e calidade dos viños nos mercados e a súa promoción, a través do Órgano de Certificación e Control. Tamén se trataron temas administrativos, afondando nos trámites obrigados para os viticultores, a necesidade de manter os dous rexistros actualizados (o do Consello e o da Xunta), para evitar desaxustes tanto nas superficies inscritas como nas variedades ou a cantidades producidas.

O aspecto máis importante foi a cuestión do equilibrio entre os valores de produción límite e os aconsellados polo Consello Regulador a través dos seus profesionais. En relación con este tema tratáronse os problemas de sobreprodución ou falta de produción que constaban na historia da Denominación e a necesidade de buscar producións estables con efectos positivos para unha viticultura baseada na excelencia.

Insistiuse polo tanto na necesidade de "respetar los rendimientos que marca el reglamento del Consello Regulador" destacando que non sempre un incremento de produción supón máis rendibilidade, senón que esta ven do control sobre a produción que permite manter a calidade.

EXPOSICIÓN "EL VINO"

1 Marzo

Un total de once artistas participaron nunha mostra colectiva instalada no Pazo de Mugartegui que se prolongou ata o 23 de marzo. A exposición, na que participou a Asociación Galega de Arte e Cultura (AGAEC), serviu para destacar, a través da pintura, a escultura e a fotografía, os valores e os símbolos que o viño imprime na sociedade. Entre os participantes había artistas procedentes de Bizkaia, Ciudad Real, Cádiz, Extremadura e varias cidades e vilas galegas.

MEDRAN UN 18% AS EXPORTACIÓNS

14 Marzo

As exportacións de Rías Baixas incrementáronse no exercicio 2011 un 18,36% respecto ao anterior. O presidente do Consello Regulador, José Ramón Meiriño, explicou na presentación dos datos que "este porcentaje confirma el crecimiento registrado en 2010, ejercicio en el que las ventas al exterior también se incrementaron un 18,15%. Dos años de importantes crecimientos que nos permitieron superar nuestro volumen de ventas en más de 1,59 millones de botellas, algo muy significativo en un entorno de crisis económica mundial".

En total 76 adegas participaron no plans de exportación da D.O. Rías Baixas en 2011, ano no que se venderon 5,6 millóns de botellas en máis de 70 países, cunhas vendas de 22,57 millóns de euros que representan un incremento do 16,8% sobre 2010.

O director xeral do Consello, Ramón Huidobro, destacou as altas cifras de participación das adegas "que nos llevan a pensar en el gran dinamismo del sector y su madurez, unidos al excelente trabajo en viticultura llevado a cabo por los productores que nos ayuda a proyectar una imagen de extraordinaria calidad de nuestros vinos en los mercados internacionales".

A maior cantidade 2.266.102 litros (un 53,9% do total) foi exportada a EE.UU. como ven sendo habitual. Os Rías Baixas incrementáronse en 364.070 litros (un 19,14%) con respecto ao exercicio anterior. Huidobro referiuse á campaña de promoción nos EE.UU. co apoio do ICEX e o IGAPE: "Empezamos a recoger los frutos de tanto trabajo, que no para aquí porque la apuesta por este mercado es cada vez más decidida. A la vista de las cifras se puede afirmar que las exportaciones de los vinos Rías Baixas al mercado norteamericano se han multiplicado por cuatro, desde que se puso en marcha la campaña promocional".

O segundo mercado en importancia é o Reino Unido cun total de 457.993 litros, un 8,32% mais ca no exercicio anterior.

As exportacións a Alemaña tamén medraron un 136,3%, cun incremento de 121.000 litros, o mellor rexistro desde 2007.

Porto Rico mantense na cuarta posición (189.476 litros) seguido por México (139.443 litros). O incremento para estes países foi de 10,42% y 24,17% respectivamente.

En xeral, o mercado europeo concentrou un 30% das vendas no exterior.

O mercado asiáticos rexistrou un 28,4% de incremento en exportacións, cun total de 82.732 litros en 2011, sobre todo en Xapón e China.

Como novidade, en 2012 o Consello Regulador participou na feira Sial Brasil celebrada en Sao Paulo, que é a porta de entrada no MERCOSUR.

PREMIO LABOR INTERNACIONAL

14 Marzo

A proposta dos lectores, a revista Actualidad Económica recoñeceu a D.O. Rías Baixas como unha das "Mejores Iniciativas Empresariales" de Galicia. O galardón foille entregado ao presidente do Consello Regulador pola presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, nun acto na Cidade da

Cultura presidido polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.
Meiriño destacou que o galardón era "un reconocimiento al esfuerzo que ha hecho el sector para conseguir vender nuestro vino fuera de España y crecer tanto en cifras de exportación como en número de países".
En consonancia con esta mensaxe, o presidente da Xunta salientou que "una de las claves para salir antes de la crisis es la de internacionalizar las compañías, lo que ha sabido entender la D.O. Rías Baixas".

ALBARIÑO E VIEIRAS
20 Marzo

O museo José Peña de Cambados acolleu unhas xornadas de maridaxe Albariño-Vieira, con catas e degustacións que serviron de promoción de dous produtos punteiros da zona. Os actos, froito da colaboración do Concello e a D.O. Rías Baixas, contaron coa presenza de numeroso público que puido asistir ademais a concertos de jazz e folk, ademais das presentacións especificamente gastronómicas, en formato showcooking, a cargo de Yayo Daporta e José Solla e o sumiller David Barco.
O formato deste evento foi pensado para trasladalo a outros foros alimentarios e gastronómicos, como Alimentaria de Barcelona, o Salón Gourmets en Madrid ou a feira Enotur.
No curso das xornadas anunciouse a candidatura de Cambados á sede do congreso da "Asociación de Ciudades del Vino" (ACEVIN).
Entre os participantes, a doutora e enóloga Mar Vilanova analizou para o público as sensacións visuais, gustativas e aromáticas características dos viños Rías Baixas. O navarro José Antonio Cruz destacou os valores patrimoniais do Salnés, a Festa do Albariño e outras citas gastronómicas como polo de atracción turística. O chef Antonio Botana sorprendeu aos asistentes cun cóctel a base de gónada de vieira e espumoso Rías Baixas.

ESTUDO DE MERCADO EN EE.UU.
3 Maio

Un estudo realizado entre profesionais do viño nos Estados Unidos constatou que para o 85% dos consultados o Albariño da D.O. Rías Baixas era un viño branco de primeira calidade, en clara competencia cos Sauvignon Blanc de Nova Zelanda e o Grüner Veltilner de Austria, ademais doutras variedades como o Sauvignon Blanc de Chile ou California, o Torrontés de Arxentina, o Pinot Grigio de Italia e o Riesling de Washington.
Os datos demostraron que o Rías Baixas é o branco español máis vendido nos EE.UU., co crecemento máis importante (19,14%) fronte aos competidores de Ribera del Duero (18%), Rueda (17%) e Rioja (15%).
Como valores destacados, os estudo sinalaba un perfil de sabor similar ás outras variedades citadas, unha grande capacidade de maridaxe que o facía apto para combinar con todo tipo de cociñas, e unha excelente relación calidade-prezo.
O informe, realizado pola empresa especializada de estudos de mercado Wine Opinions, tiña como obxectivo identificar as actitudes da industria con respecto ao Albariño Rías Baixas e as súas fortalezas en relación cos competidores. Fíxose entre 257 membros da industria vinícola, seleccionados entre os importadores, distribuidores, profesionais de hoteis e restaurantes, prensa e educadores do viño .

VIÑOTECA MUNICIPAL DE ARBO
8 Maio

No Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea de Arbo inaugurouse, durante a Festa da Lamprea, unha Viñoteca Municipal pensada como escaparate para os viños das oito adegas adscritas á D.O. Rías Baixas neste concello. A viñoteca servirá para potenciar o principal sector económico do concello e poñer a disposición dos visitantes os seus produtos destacados, para degustación e venda. Tamén será posible organizar catas e cursos sobre as distintas zonas vitivinícolas de Arbo: Mourentán, Albeos, Vilar, Cabeiras, Sela e Barciela.

ELECCIÓNS AO CONSELLO
30 Abril-3 Xuño

As primeiras eleccións organizadas desde o Consello Regulador quedaron convocadas para o día 3 de xuño, e foron establecidas as 13 mesas electorais nos concellos de Cambados (2), Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Vedra, Vilanova de Arousa, Arbo, O Rosal e Portas.
No Val do Salnés, o Condado, Soutomaior e Ribeira do Ulla, o Censo B2 correspondente ás adegas de máis de 60.000 litros quedou fóra da convocatoria ao se presentar en cada unha delas unha soa candidatura.
Foron proclamados, polo tanto, os vogais Bodegas del Palacio de Fefiñanes, Bodegas Gerardo Méndez, Pazo de Señoráns, Bodegas La Val e Bodegas Coto Redondo. Como suplentes figuraban Agro de Bazán, Lagar de Pintos e Viña Nora.
Igualmente sucedeu no Censo C, relativo a Cooperativas e Adegas con base cooperativa, onde foi proclamada a única candidatura presentada cos seguintes vogais: Adegas Condes de Albarei, Adegas Martín Códax, Cooperativa Vitivinícola Arousana e Viña Almirante. Como suplentes foron designados Guillermo Rodríguez Lema e José Martínez Chantada.
No caso de O Rosal, os candidatos para o Censo B2 (adegas de mais de 60 mil litros), acordaran repartirse as vogalías dispoñibles. quedando designados Adegas Tollodouro e Adegas Valmiñor e, como suplentes, Quinta de Couselo, Lagar de Fornelos e Terras Gauda.
Para o Censo B1 de adegas con menos de 60.000 litros presentáronse 3 candidaturas, resultando elixidos como vogais a Asociación de Adegas Artesanas Rías Baixas (Cabaleiro do Val) e a Asociación de Empresarios Bodegueros Rías Baixas (Eulogio Pomares Zárate).

No Censo A1 de viticultores con menos de 2 hectáreas, e dividido en 3 Subcensos: no Condado do Tea e Soutomaior, resultou elixido o vogal do Sindicato Labrego Galego (Manuel Carrera González); no Val do Salnés e Ribeira do Ulla, saíron elixidos dous vogais de Unións Agrarias (Explotaciones Vitivinícolas Rías Baixas e Jesús Paz Parracho) e un de Xóvenes Agricultores (Luis Rodríguez Balsa); e no Rosal, a representación foi para Xóvenes Agricultores (Daniel Tornos Castro).

O Censo A2, para viticultores de máis de 2 hectáreas, quedou dividido tamén en 3 Subcensos. No Condado do Tea e Soutomaior foi elixido como vogal a Asociación Galega de Viticultura (Agromiño); no Rosal Xóvenes Agricultores (Bodegas Altos de Torona); e no Val do Salnés e Ribeira do Ulla quedaron como vogais Xóvenes Agricultores (Blanco Cháves y Abuelo) e Unións Agrarias (José Villanueva González).

Os once vogais así elixidos sumáronse aos once xa nomeados por non haber candidaturas en disputa (Censo B2 en Val do Salnés, O Condado, Ribeira do Ulla e Soutomaior; e Censo C) ou por alcanzaren un acordo previo (Censo B2 no Rosal).

NOVO PRESIDENTE DO CONSELLO

21 Xuño

Tras as eleccións ao Consello Regulador, o Pleno quedou presidido por Gerardo Zugasti Enrique, xefe territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar en Pontevedra, xunto aos 22 vogais saídos das eleccións, máis os 2 vogais técnicos correspondentes á citada Consellería.

Tras a conformación do Pleno foi votada a única candidatura presentada para a presidencia, a de Juan Gil de Araújo, que saíu elixida por 14 votos a favor, 5 en contra e 3 abstencións. A vicepresidencia recaeu en Bodegas La Val por 13 votos a favor, 5 en contra e 4 abstencións.

XVII FESTA DA LAMPREA SECA

29 Xuño

Cun amplo abano de actividades lúdicas, gastronómicas e deportivas celebrouse en Arbo a XVII Festa da Lamprea Seca do Peixe do Río Miño.

Os viños Rías Baixas foron grandes protagonistas da festa, cunha presenza realzada na Viñoteca Municipal recentemente estreada.

CAMBADOS: FESTA DO ALBARIÑO

6 Agosto

A elevada participación de público na II edición do Túnel do Viño, unhas 300 persoas, demostrou que o apartado profesional ten cabida natural na Festa do Albariño de Cambados, como un valor engadido ás catas para a elección do mellor Rías Baixas Albariño.

Nesta ocasión os vinte expertos profesionais do Panel de Cata, aplicando criterios da "Organización Internacional del Vino" (OIV), concederon a medalla de ouro á marca Gundián, de Adega Valdés; a de prata foi para Aravo, de Beira Aral S.L., e a de bronce recaeu sobre Lagar de Costa, de Dolores Fontán Limeres.

Os catadores eloxiaron "el buen nivel de los vinos presentados a concurso" e destacaron que "nos encontramos en un momento inmejorable para catar los vinos de esta añada". Como curiosidade, á denominada Cata Derradeira chegaron nesta ocasión 14 viños e non 12 como é habitual, polo axustado das puntuacións.

No Túnel do Viño, celebrado por segunda vez na antiga fábrica de conservas Peña durante catro días, participaron 116 marcas pertencentes a 56 adegas da D.O. Rías Baixas. Un terzo dos centenares de visitantes do espazo procedían de distintos puntos de España, sobre todo Cataluña, Madrid e Murcia, e foron asesorados en todo momento por un profesional da Asociación Galega de Sumilleres (AGASU).

VIÑO OFICIAL DA VOLTA

13 Agosto

Por primeira vez, un viño da Denominación Rías Baixas, converteuse no viño oficial da "Vuelta Ciclista a España" na edición 2012, co traballo conxunto do Consello Regulador e a Deputación de Pontevedra. O viño elixido para obsequiar aos vencedores das 21 etapas foi o "Señorío de Rubiós", de Bodegas Cotorredondo, tras a avaliación do Panel de Cata do Consello Regulador sobre un total de 21 mostras presentadas. O proceso de selección tivo lugar nos meses de xuño-xullo, rematando nunha cata final das dez mellores mostras, tras o que foi elixida a citada adega do Condado do Tea.

"Se trata de una magnífica oportunidad de promoción de los vinos Rías Baixas dentro y fuera de nuestro país, ya que la Vuelta Ciclista a España es seguida por televisiones de 150 países", sinalou Rosa Martínez, do departamento de Marqueting do Consello.

PREMIOS 2012

16 Agosto

Durante o ano 2012 os viños da D.O. Rías Baixas recolleron máis de 120 galardóns nacionais e internacionais (31 ouros, 61 pratas, 22 bronces e 10 mencións) que os sitúan como uns dos mellores viños brancos do mundo, pola súa tipicidade e as súas variedades autóctonas.

Entre os premios máis prestixiosos están os 8 ouros e 21 pratas dos Bacchus 2012 e os 2 ouros, 4 pratas, 11 bronces e 10 recomendacións dos Decanter World Wine Awards.

Na prestixiosa revista inglesa Decanter o especialista en viños españois John Radford falaba nunha reportaxe de "posiblemente los mejores blancos de España y están liderando el camino de las exportaciones".

O experto xornalista referiuse á rivalidade entre os Rías Baixas e os viños de Rueda por conseguir o título de viño branco clásico español, afirmando que pode ser cuestión discutible pero que "los Rías Baixas Albariño han hecho un gran impacto en los merca-

dos de España y del extranjero" . As adegas da Denominación obtiveron tamén máis de 400 recomendacións nas guías máis prestixiosas do Estado: a Guía Repsol de los Mejores Vinos de España, a Guía Peñín, o Anuario de "El País", a Guía ABC 2012, e a Guía Proensa. Neste caso, a maioría dos viños catados eran de 2010, viños "secos, suaves, frescos, elegantes" segundo as notas de cata e puntuados sempre entre os 85 e os 100 puntos.

DISTINCIÓNS GALLAECIA

21 Setembro

Na sede do Consello Regulador foron entregadas as XII Distincións Gallaecia que premiaron nesta ocasión a 21 marcas pertencentes a adegas da Denominación Rías Baixas. Os premios gozan da consideración de Concurso Oficial concedida polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino.

O acto foi presidido polo novo presidente do Consello Regulador, Juan Gil, e contou coa presenza da presidenta da Asociación Gallaecia de Sumilleres de Galicia, Mercedes González,e o vicepresidente desa entidade, Luis Paadín, así como representantes das adegas premiadas.

As 99 mostras para os premios foran avaliadas en agosto por 16 expertos da Asociación Gallaecia, incluidos dous selectos invitados: o presidente da Asociación de Sumilleres del Piamonte, Michele Colucci, e o enólogo e ampelógrafo francés Dominique Roujou de Doudee. A maior parte dos viños eran de 2011, pero había tamén elaboracións de 2005, 2008, 2009 e 2010.

DESCENSO DE PRODUCIÓN NA VENDIMA

2 Outubro

Segundo avanzaban as estimacións dos técnicos das adegas para a vendima 2012, as cifras obtidas eran un 60% inferiores ás da pasada campaña, onde se recolleu a histórica cantidade de máis de 41 millóns de quilos.

A vendima 2012 estendeuse a 4.048 hectáreas, propiedade de 6.714 viticultores. Participaron 76 técnicos veedores/auditores da Consellería de Medio Rural xunto aos 5 do Órgano de Control e Certificación do Consello Regulador, para supervisar a vendima en fincas, a entrada de uva nas adegas e o transporte de uva e mosto, sempre de acordo ás normativas do Prego de Condicións e o Regulamento, contidos na norma UNE-EN-45.011.

O sistema de control é a garantía do nivel de calidade dos viños amparados por Rías Baixas e os veedores cumpren a dobre función de auditoría e inspección contemplada na citada norma e na lexislación vixente. Ao longo do ano auditouse un novo 5% dos viticultores inscritos, como sucedeu na campaña anterior.

A pesar da diminución causada polas desfavorables condicións meteorolóxicas durante a floración, os técnicos avanzaban que o froito recollido e os primeiros mostos destacaban pola calidade.

PLAN DE EXPORTACIÓNS

31 Outubro

Un total de 22 adegas participaron nunha reunión de planificación para o fomento de exportacións en 2013 no Pazo de Mugartegui.

Os obxectivos marcados foron manter a aposta polos mercados de "retorno rápido" onde os viños Rías Baixas están máis consolidados, como EE.UU., Reino Unido, Alemaña ou México; sen deixar de mirar os mercados potenciais asiáticos e tamén os países nórdicos (Noruega, Suecia, Finlandia), ademais de Canadá e Irlanda.

Houbo tamén acordo en reforzar a proxección no ámbito latinoamericano, como Panamá, Venezuela e Colombia.

Presentouse tamén a idea de organizar un showroom en Londres e de participar nalgunhas feiras cun estand xenérico-marquista unificado baixo o paraugas da D.O. Rías Baixas, pero onde cada adega puidera ter un espazo propio, como se fixera xa en Alimentaria Barcelona.

Polo demais marcáronse estratexias continuístas para manter a presenza en feiras e as actividades de promoción como seminarios, presentacións e almorzos-maridaxes destinadas aos profesionais de diferentes países.

MEDRANDO NO EXTERIOR

17 Novembro

Os viños da Denominación Rías Baixas consolidaron a súa presenza nos mercados internacionais a pesar da crise económica, medrando un 6% en valor durante a campaña 2011-12. Entre o 1 de setembro de 2011 e o 31 de agosto de 2012 exportáronse a 55 países un total de 4.082.877 litros de viño (0,24% máis ca campaña anterior), por valor de 22.948.064 euros.

Para o presidente Juan Gil de Araujo estes datos confirman que "a lo largo de la historia este Consejo Regulador ha sabido enfrentarse a los retos que se le han ido presentando". Destacou tamén o presidente que "los mercados internacionales, en tiempos de recesión económica, se convierten en unos buenos aliados. A ello hay que sumarle la importante labor de ICEX e IGAPE con su constante apoyo a la internacionalización de nuestros vinos".

O secretario xeral Ramón Huidobro insistiu neste aspecto e confirmou que o obxectivo para 2013 era "consolidar esos datos y entrar en otros países como Brasil".

Ademais dos EE.UU., o principal mercado exterior con diferenza para os Rías Baixas, os mellores mercados son Reino Unido e Porto Rico. Despois situáronse México, Suíza, Alemaña, Bélxica, Holanda e Noruega. No décimo lugar aparece Australia.

Ramón Huidobro destacou o importante incremento nas vendas no BENELUX (Bélxica, Holanda e Luxemburgo): os dous primeiros medraron un 73,76 e un 55,12%,

respectivamente. Os mercados asiáticos seguiron co seu constante crecemento, un 42,12% máis ca na campaña anterior, resultando rechamante o incremento das vendas en Xapón tras a realización dunha primeira campaña "by the glass".

CATA ESPUMOSOS

26 Novembro

Por primeira vez foi posible brindar no Nadal cun espumoso coa contraetiqueta D.O. Rías Baixas. Para preparar esta novidade o panel de cata do Consello Regulador organizou entre novembro e decembro as catas das sete mostras de "Rías Baixas Espumoso" que obtiveran a necesaria certificación.

O director do Departamento Técnico, Agustín Lago, explicou que as diferencias con outros espumosos do mercado estaban "en la tipicidad propia de nuestros vinos, marcada sobre todo por la variedad albariño, así como en los niveles de graduación que están medio punto por encima de otros espumosos, como el cava". Agustín Lago aclarou que esta fase inicial serviría para "buscar un hueco para este producto" nun longo camiño por recorrer onde "el consumidor tiene mucho que decir".

O panel de cata formouse durante un ano, unha vez superados os requisitos legais para o amparo de "Rías Baixas Espumosos" segundo a normativa, que admite variedades brancas e tintas, mono ou plurivarietais, e esixe o método de elaboración tradicional de nove meses de duración. A contraetiqueta indica que se trata de "vino espumoso de calidad" e informa sobre o tipo segundo o nivel de azúcar: "brut nature" (sen azúcar), "extra brut", "extraseco", "seco", "semiseco", e "dulce" (con máis azúcar).

No caso dos espumosos o control é dobre: ademais da cualificación do viño base debe examinarse o produto final tras a elaboración. Igualmente dobre é a análise físicoquímica e organoléptica, sobre o viño inicial e o espumoso resultante. Todo o proceso de elaboración desde o control da vendima é controlado polos técnicos do Consello, debendo declarar as adegas as partidas designadas para elaborar os espumosos.

ESCASA VENDIMA

26 Outubro

Os datos definitivos tras o remate da vendima 2012 indicaron que se tratou dunha colleita "escasa" en cantidade, con

17.567.877 kg. recollidos, pero de gran calidade. As condicións climatolóxicas da floración, con moita chuvia e temperaturas baixas afectaron á formación dos acios e provocando o corremento de flor.

As mellores condicións previas á vendima, propiciaron en cambio a perfecta maduración do froito e un excelente estado hixiénico sanitario da uva á entrada nas adegas. Como viña sendo habitual, a variedade albariña, con 16.873.304 concentrou o 96% da produción total recollida. As variedades tintas sumaron un total de 189.592 kg., un 1,08 do total, encabezando a lista a variedade Sousón.

CONVENIO CO CSIC

27 Novembro

O Consello Regulador, a Misión Biolóxica de Galicia (MBG-Pontevedra) e o CSIC asinaron un acordo a tres bandas para a comercialización dos cinco primeiros clons de albariño, obtidos tras un longo traballo de investigación de vintecinco anos que produciu os primeiros clons "certificados" desta variedade a nivel mundial.

No acto estiveron presentes Juan Gil De Araújo, novo presidente do Consello Regulador, e o secretario do mesmo, Ramón Huidobro; o coordinador institucional do CSIC en Galicia, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés; o director da MBG, Pedro Revilla; o xefe territorial da Consellería de Medio Rural e do Mar, Gerardo Zugastie, e o Grupo de Viticultura da MBG.

A multiplicación e comercialización quedou asignada a Viveros Provedo S.A., cun período de venda en exclusividade, que dará paso á comercialización aberta para outros viveiros.

Aínda que a fama mundial da variedade albariño e a inexistencia de exemplares certificados incrementaron o interese de diferentes países, polo momento os viticultores da D.O. Rías Baixas terán acceso exclusivo aos clons durante 5 anos, cun desconto no prezo de venda.

A investigadora responsable do traballo, Mª Carme Martínez Rodríguez, encabezou durante vintecinco anos os labores de selección de exemplares, tras unha ampla prospección polo miúdo en toda a xeografía galega, localizando e estudando in situ durante varios anos a medio centenar de exemplares de máis de 200 anos que foron caracterizados ampelográfica e molecularmente para garantir a identidade varietal.

Once réplicas dos mellores exemplares foron transplantados en 1993 á parcela da Misión Biolóxica de Galicia, en Pontevedra, onde quedaron sometidos ás mesmas condicións de cultivo, chan e clima.

Repetíronse estudos ampelográficos, engadíronse outros agronómicos que estableceron diferenzas e características de produción (cantidade de uva por cepa, fertilidade, época de maduración, tamaño do acio), reflectidas en diferentes calidades de uva e mosto (grao alcólico probable, acedume).

Outros estudos de campo e laboratorio indicaron distintas sensibilidades a enfermidades da vide como Mildiu, Oidio ou Botrite.

O CSIC estimou os custes dos primeiros 18 anos (1987 a 2005) en máis dun millón de euros. A partir dese ano parte dos custes (159.472 euros) correron a cargo do Consello Regulador e da Deputación de Pontevedra.

Para os trámites de certificación houbo que contar cunha empresa autorizada a nivel nacional (Viveros Provedo S.A.) coa que o CSIC asinou o correspondente convenio.

A estratexia emprendida desde hai uns anos nas redes sociais polo Consello Regulador está conseguindo dar froitos claros. Tras unha etapa inicial onde o obxectivo era utilizar as distintas canles disponibles para crear unha comunidade, na actualidade os obxectivos céntranse en conseguir máis interacción tanto nas redes como no blog www.beberiasbaixas.com, para incrementar a difusión e intercambio de contidos entre os usuarios.

Esta intensificación da actividade dos usuarios nos diferentes entornos, especialmente Facebook e Twitter, traduciuse nunha maior visibilidade, maiores oportunidades de promoción e na consolidación de comunidades que participan de xeito activo na difusión de todo tipo de eventos e actos promocionais protagonizados pola Denominación de Orixe Rías Baixas.

As "Historias patrocinadas" de Facebook foron a fórmula de publicidade máis rendible para incrementar o impacto sobre os usuarios.

Trátase dun sistema de anuncios (Newsfeed) que ofrece a cada usuario unha selección personalizada dos contidos "máis interesantes" a partir de elementos cos que teña interactuado, comentado ou votado, el mesmo ou os seus amigos.

Os custes da inversión publicitaria, a diferencia das fórmulas tradicionais, depende da acción (clics) dos usuarios. Pero como a interacción resulta amplificada ao producirse dentro dunha comunidade de usuarios e incrementa notablemente a súa fidelización, consíguese un maior impacto a menor custe.

DATOS 2012

FACEBOOK

- o número de usuarios pasou de 8.514 a 18.751. Un incremento de máis do 120%.
- aumento da interacción: desde 1.012 en Xaneiro a 1.800 en Decembro e unha media de 55 "Me gusta" por post.

TWITTER

- de 464 a 1.359 seguidores ("followers").
- un ritmo de 150 actualizacións ("posts") por mes.

CONTIDOS
os contidos preferidos son:

- os relacionados con eventos, sobre todo cando inclúen contidos audiovisuais.
- as convocatorias de concursos ou ofertas de invitacións, difundidas mediante etiquetas ("hastags") específicas.

OUTRAS CANLES

Ademais da actividade específica mediante posts, as redes **Facebook** e **Twitter** actúan complementando e amplificando o traballo do **Blog**.

Youtube tamén é unha plataforma na que se mantivo unha actividade transmitida sobre todo mediante enlaces en **Facebook** e **Twitter**.

Os contidos fotográficos pendurados en **Flickr** (dos máis seguidos) foron difundidos igualmente a través das redes mencionadas.

E finalmente, para transmitir sobre todo os datos estatísticos de interese usouse **Slideshare**.

Consello Regulador da Denominación de Orixe

Rías Baixas

Pazo de Mugartegui
Praza da Pedreira 10 - 36002 (Pontevedra)
Tf: 986 854 850 / Fax: 986 864 546
www.doriasbaixas.com / consejo@doriasbaixas.com

Edita: Cuerpo a Cuerpo Comunicación. R/ Uruguai, 2 - 3º dta. 36201 VIGO

FEADER:
Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA